

Tamén permite avaliar o efecto de tratamentos preventivos, aplicación de retardantes ou acelerantes do lume no comportamento dun incendio potencial, axudando así a mellorar os criterios para actividades de prevención e extinción. Adicionalmente, este dispositivo permite analizar os efectos do lume no solo, axudando a cuantificar a severidade do incendio neste compoñente do ecosistema.



galicia

## INFORMACIÓN

Centro de Investigación Forestal de Lourizán

Teléfono: 986 805 000

Estrada de Marín Km 3.5

36153 - Pontevedra



Centro de Investigación Forestal  
**LOURIZÁN**

**INDITEX**



## DELFOR

### DISPOSITIVO EXPERIMENTAL DE LUME FORESTAL




XUNTA DE GALICIA



## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TÚNEL DE COMBUSTIÓN

O Dispositivo Experimental de Lume Forestal (DELFOR) do Laboratorio de Lumes Forestais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán consiste nunha infraestrutura teitada que dispón de catro equipos impulsores de aire de elevada potencia, unha área para a conversión do vento a fluxo laminar e unha zona de combustión abovedada.



A zona de combustión está recuberta de material illante (silicato cálcico) e ladrillo refractario especial para aguantar as altas temperaturas que se poden producir nos ensaios experimentais. Ademais, dispón de pórticos metálicos na parte exterior do túnel para evitar tensións excesivas debido ás altas temperaturas.



## UTILIDADES DO TÚNEL DE COMBUSTIÓN

Este dispositivo permítenos realizar experimentos de queima en ensaios de simulación do comportamento do lume en incendios forestais baixo diferentes condicións controladas de:

- Tipoloxía de combustibles forestais
- Velocidade do vento
- Humidade dos combustibles

Con iso pódese obter información sobre as temperaturas e enerxías desprendidas durante a fase da chama e o rescaldo da combustión deses materiais a unha escala axeitada.

